

**PREGUNTAS E RESPOSTAS
AOS SINDICALISTAS AMERICANOS**


**Entrevista de Stalin
coa Primeira Delegación Sindical Americana
na Unión Soviética**

**Publicado orixinalmente no Pravda o 15 de setembro de 1927
A versión en inglés foi publicada na Workers' Library o 15 de decembro de 1927
Traducido ao galego por Estoutras**

estoutras



Outono 2008



27

QUESTIONS &
ANSWERS TO
AMERICAN
TRADE UNIONISTS.

Stalin's

INTERVIEW WITH

THE
FIRST AMERICAN
TRADE UNION
DELEGATION TO
SOVIET RUSSIA

254



INTRODUCCIÓN

Un dos acontecementos máis importantes na recente historia do movemento obreiro americano constitúeo a visita da Primeira Delegación Sindical Americana á Unión Soviética.

Para o observador superficial é difícil comprender por que e como a Unión Soviética desempeñou un papel importante no desenvolvemento do movemento obreiro americano. En América, temos o sistema capitalista máis poderoso. Na Rusia soviética, temos un crecente sistema económico socialista. En América, a clase capitalista ten o poder incuestionabelmente. Na Rusia soviética, é o proletariado quen ten o poder. Porén, estas fortes diferenzas nas relacións de clase e na estrutura económica dos dous países non abundan para crear un abismo entre os seus movementos obreiros.

O movemento obreiro americano ten algunhas valiosísimas tradicións. Porén, en comparación cos veteranos movementos obreiros dalgúns países europeos, as tradicións da nosa clase obreira son febles. Especialmente nun país onde o movemento obreiro é novo, e as tradicións non son moitas, a existencia dunha República Soviética noutro país xoga un importante papel como fonte de inspiración e experiencia. Neste momento, as grandes masas obreiras non son conscientes, non están o suficientemente interesadas nos acontecementos que teñen lugar na República Soviética. Sen embargo, xa hai unha apreciable parte do movemento obreiro americano, vigorosa no carácter e crecente no número, que está moi interesada no progreso e desenvolvemento da Primeira República Soviética de Obreiros e Campesiños do mundo.

O establecemento da xornada laboral de 7 horas na Unión Soviética, os pasos adiante cara á construción do socialismo na URSS, a crecente importancia da Rusia soviética na esfera internacional, o marabilloso crecemento e a forza do movemento sindical ruso en contraste coa difícil situación e o colapso do movemento obreiros nos países capitalistas, todo isto servirá para facer medrar o interese das masas obreiras no avance da República Soviética.

Precisamente, por mor desta potencialmente poderosa influencia que o avance da Unión Soviética terá nos Estados Unidos, particularmente no movemento obreiro, os reaccionarios burócratas sindicais propagan prexuízos, calumnias e as mentiras máis viles contra a Unión Soviética. Os nosos lugartenentes do imperialismo saben ben que, unha vez que a grande masas de obreiros descubran as súas mentiras sobre a Unión Soviética, unha vez desaparecido todo prexuízo, entón, o principal baluarte da reacción capitalista nos Estados Unidos –a burocracia sindical- recibirá un golpe mortal. Esta é a razón pola que os dirixentes da Federación Americana do Traballo combaten feramente o recoñecemento da Unión Soviética, e polo que loitan tan desesperadamente contra calquera intento de explicar aos obreiros americanos a realidade da Unión Soviética.

Baixo estas condicións, a visita dunha delegación sindical americana, composta por moderados sindicalistas de 'boa fe', ten unha importancia sobranceira. A Rusia soviética, como se viu a través dos ollos dos sindicalistas americanos, é retratada no *Informe da Primeira Delegación Americana do Traballo. Preguntas e Respostas aos Sindicalistas Americanos* completa un estudo moi completo sobre a clase obreira estadounidense e rusa. Isto é certo, malia que a delegación sindical non cargaba con todos os prexuízos e ideas erróneas da maioría da burocracia sindical que agora domina o movemento obreiro.

A fenda entre o desenvolvemento da consciencia de clase entre os obreiros americanos e os obreiros da Unión Soviética,ponse de manifesto abertamente nas preguntas e respostas dadas a continuación. Equipado cunha enorme capacidade para a análise leninista, o camarada Stalin amosa unha notábel comprensión non só das tarefas e problemas aos que se enfrenta o proletariado ruso, senón tamén das dificultades e tarefas dos obreiros de América. No seu xeito conciso e lúcido, o camarada Stalin explica moi eficazmente as positivas contribucións do leninismo ao marxismo, o desenvolvemento da ciencia da revolución proletaria, o papel do Partido Comunista, a ditadura do proletariado, as formas e métodos da construción do socialismo e os efectos do imperialismo na clase obreira.

A discusión entre o camarada Stalin e os sindicalistas americanos céntrase tamén en determinadas tarefas e problemas que a nosa clase obreira debe cumprir e solucionar canto antes. Por que están tan desorganizados os obreiros de América? Por que é tan pequena a proporción de obreiros sindicados en América, mentres que unha inmensa maioría dos obreiros rusos –sobre o 90 por cento- forma parte dos sindicatos? Cales son as relacións entre os obreiros cualificados e os non cualificados nos Estados Unidos? Que leccións podemos extraer destas relacións? Por que, en moitas ocasións, a burocracia sindical é moito máis reaccionaria que algúns dos dirixentes da burguesía? A seguridade social, o partido obreiro, o recoñecemento da Unión Soviética, a sociedade comunista, o papel do campesiñado, a estrutura do sistema soviético e o desenvolvemento da xenuína democracia obreira na Unión Soviética, son algunhas das moitas cuestións analizadas neste terceiro volume da *Workers Library Publishers*.

E por que o Comité Executivo da Federación Americana do Traballo non pronunciou unha soa palabra de protesta contra o recoñecemento dos gobernos fascistas de Italia e Polonia polos Estados Unidos, pero traballou arreo para impedir o recoñecemento da Unión Soviética polos Estados Unidos?

Moi poucas veces os obreiros americanos, en particular os dirixentes da clase obreira, ocuparon o seu tempo en analizar polo miúdo cuestións como as formuladas na entrevista da Primeira Delegación do Traballo de América co camarada Stalin.

As visitas de delegacións sindicais dos Estados Unidos á Unión Soviética xa non son unha novidade. Desde que rachou o xeo a delegación encabezada por James P. Maurer, Presidente da Federación do Traballo do Estado de Pensilvania, xa visitou a Unión Soviética outra delegación sindical americana. Esta segunda delegación é máis representativa do mundo do traballo americano, no sentido de que está menos achegada á burocracia sindical e máis á clase obreira das industrias básicas do país. Xa que logo, o crecente interese por parte de cada vez máis sectores da clase obreira americana dos

problemas e progresos dos nosos irmáns de Rusia debe ser estimulado polo contido deste volume.

Preguntas e Respostas a Sindicalistas Americanos, polo camarada Stalin, debe servir en boa medida para despexar a néboa que impediu a visión da clase obreira de América. A *Workers' Library Publishers* pode estar agradecida aos fundadores desta colección, particularmente aos camaradas Bertha e Samuel Rubin, ao camarada J. Barri, ao doutor B., a A.T., e a moitos outros que prestaron un valioso servizo para facer posíbel a publicación destas obras.

Jay Lovestone
24 de novembro de 1927

PREGUNTAS DA DELEGACIÓN AMERICANA AO CAMARADA STALIN

PRIMEIRA PREGUNTA: *Cales son os novos principios engadidos ao marxismo que Lenin e o Partido Comunista puxeron en práctica na Rusia? Sería correcto falar de que Lenin acreditaba nunha 'revolución creadora' mentres que Marx se inclinaba máis por agardar o completo desenvolvemento das forzas económicas?*

Stalin: Coido que Lenin non 'engadiu' ningún 'novo principio' ao marxismo, como tampouco aboliu ningún dos 'vellos' principios do marxismo. Lenin sempre foi un fiel e coherente alumno de Marx e Engels, guiado absoluta e integramente polos principios do marxismo. Mais Lenin non se limitou a levar a cabo as doutrinas de Marx e Engels. Desenvolveu esas doutrinas un paso máis alá. Isto que significa? Significa que Lenin desenvolveu as doutrinas de Marx e Engels de acordo coas novas condicións históricas, coa nova fase do capitalismo e co imperialismo. Significa que desenvolveu as doutrinas de Marx nas novas condicións da loita de clases. Lenin proporcionou algo novo ao marxismo en comparación co que foi moldeado por Marx e Engels, co que podían eles crear na fase previa ao período imperialista do capitalismo. Por outra parte, a contribución feita por Lenin ao marxismo baséase na súa totalidade nos principios establecidos por Marx e Engels. Neste sentido, nós falamos do leninismo como o marxismo da época do imperialismo e das revolucións proletarias. Algunhas das novas cuestións que Lenin aportou contribuíndo ao desenvolvemento das doutrinas de Marx serían:

Primeiro, a cuestión do capitalismo monopolista, do imperialismo como nova fase do capitalismo. No *Capital*, Marx e Engels analizaron os fundamentos do capitalismo. Pero Marx e Engels viviron no período de dominación do capitalismo premonopolista, no período da evolución tranquila do capitalismo e a súa expansión 'pacífica' sobre o mundo enteiro.

A vella fase do capitalismo chegou á súa fin nos últimos anos do século XIX e os primeiros do XX, cando Marx e Engels xa estaban mortos. É comprensíbel que Marx e Engels tan só podían conxecturar sobre as novas condicións do desenvolvemento do capitalismo que saían á luz na nova fase deste, que superaba á vella fase como resultado do imperialismo, o desenvolvemento monopolista, o cambio dun desenvolvemento uniforme a outro compulsivo, caótico; cando as desigualdades do desenvolvemento e as

contradicións do capitalismo comezaron a ser particularmente pronunciadas, e cando a loita polos mercados e as áreas de investimentos de capital, nunha circunstancias de extremas desigualdades de desenvolvemento, compartiron as inevitábeis periódicas guerras imperialistas polo reparto do mundo e a conquista de áreas de influencia.

O servizo que Lenin prestou neste aspecto e, consecuentemente, a súa contribución, foi que, baseándose nos principios fundamentais do *Capital*, fixo unha xustificada análise do imperialismo como a última fase do capitalismo, e expuxo as súas eivas internas que conducen ao seu inevitábel fracaso. Esta análise conforma a base da tese de Lenin segundo a cal baixo as condicións do imperialismo a vitoria do socialismo é posíbel en países capitalistas por separado.

Segundo, a cuestión da ditadura do proletariado.

A idea fundamental da ditadura do proletariado, como o poder político do proletariado e como un método de derrocar o poder do capital por medio do uso da forza, foi avanzada por Marx e Engels.

A contribución de Lenin neste campo foi que:

- a) formulou o sistema dos Soviets como a mellor forma estatal da ditadura do proletariado, botando man para isto da experiencia da Comuna de París e da revolución Rusa;
- b) desenvolveu a fórmula da ditadura do proletariado do punto de vista do problema do aliados deste, definindo a ditadura do proletariado como forma específica da alianza de clase do proletariado, que é a dirixente, coas masas explotadas non proletarias (campesiñado, etc.), que son as dirixidas;
- c) salientou o feito de que, na sociedade de clases, a ditadura do proletariado é a forma superior de democracia, a forma que adquire a democracia *proletaria*, que expresa os intereses da maioría (dos explotados), en oposición á democracia *capitalista*, que expresa os intereses da minoría (dos explotadores).

En terceiro lugar, a cuestión das formas e métodos de construción satisfactoria do socialismo durante a ditadura do proletario, no período de transición do capitalismo ao socialismo, nun país cercado polos estados capitalistas.

Marx e Engels consideraban o período da ditadura do proletariado como unha etapa máis ou menos prolongada, inzada de choques revolucionarios e guerras civís, e, de estar o proletariado no poder, terán estes os dereitos económicos, políticos, culturais e organizativos necesarios para crear, antítese da antiga sociedade capitalista, unha nova sociedade socialista, unha sociedade sen clases e sen Estado. Lenin baseouse totalmente nos principios fundamentais de Marx e Engels.

As contribucións de Lenin neste ámbito foron:

- a) demostrou que unha completa sociedade socialista pode ser construída nun país dominado pola ditadura do proletariado e rodeado polos estados imperialistas, sempre e cando non se vexa estrangulado pola intervención militar dos estados capitalistas que o arrodean.

- b) Indicou as pautas concretas dunha política económica (a NEP), ferramenta a través da cal o proletariado, controlando os aspectos claves da economía (industria, agricultura, transporte, bancos, etc.), vincula a industria socializada coa agricultura («ligazón da industria coa economía campesiña») e despraza toda a economía nacional cara ao socialismo.
- c) Argallou os mecanismos acaídos para atraer ás masas campesiñas ao proxecto de construción socialista, especialmente a través das cooperativas, que nas mans da ditadura do proletariado, son o instrumento máis poderoso para a transformación da pequena economía campesiña e para a reeducación das masas campesiñas no espírito socialista.

En cuarto lugar, a cuestión da hexemonía do proletariado na revolución, en toda revolución popular, tanto na revolución contra o tsarismo como contra o capitalismo.

Marx e Engels debuxaron a grandes trazos a idea da hexemonía do proletariado. O novo que Lenin aportou a este problema foi o desenvolvemento e ampliación do bosquejo feito por Marx e Engels, formulando unha teoría harmónica da hexemonía do proletariado, unha teoría harmónica da dirección das masas traballadoras da cidade e do campo polo proletariado, non só para derrocar o tsarismo e o capitalismo, senón tamén para edificar o socialismo baixo a ditadura do proletariado.

Sabemos que, grazas a Lenin e o seu partido, a idea da hexemonía do proletariado se aplicou dunha maneira maxistral na Rusia. Isto explica, entre outras razóns, o feito de que a Revolución rusa levara ao proletariado ao poder.

Antes as cousas sucedían así: os obreiros combatían nas barricadas durante a revolución, daban o seu sangue, derrubaban a antiga orde das cousas, mais o Poder acababa nas mans dos burgueses, quen, despois, oprimían e explotaban aos obreiros. Así sucedeu en Inglaterra e Francia. Tamén en Alemaña. No noso país, as cousas foron distintas. Na Rusia, os obreiros non eran só a forza de choque da revolución. Esforzábanse tamén por exercer a hexemonía, a dirección política de todas as masas explotadas da cidade e do campo, agrupándoas ao seu redor, afastándoas da burguesía, illando a esta politicamente. Ao exercer a hexemonía entre as masas explotadas, o proletariado ruso combatía polo Poder, e utilízalo no seu propio interese, contra a burguesía, contra o capitalismo. Isto explica que cada acción vigorosa da revolución na Rusia, tanto en outubro de 1905 como en febreiro de 1917, puxera en escena aos Soviets de Deputados Obreiros, xerme do novo aparello de Poder chamado a esmagar á burguesía, en oposición ao parlamento burgués, vello aparello de Poder chamado a esmagar ao proletariado.

A burguesía do noso país intentou restaurar o parlamento burgués e acabar cos Soviets en dúas ocasións –en setembro de 1917, nos días preparlamentares, antes da toma do Poder polos bolxeviques, e en xaneiro de 1918, cando se convocou a Asemblea Constituínte, após a toma do Poder polo proletariado-, pero foi derrotada as dúas veces. Por que? Porque a burguesía estaba xa politicamente illada, as grandes masas traballadoras consideraban ao proletariado xefe único da revolución e sabían xa, por telo comprobado na práctica, que os Soviets eran o seu propio Poder obreiro e que para o proletariado sería un suicidio trocar este Poder polo parlamentarismo burgués. Non é raro, pois, que o parlamentarismo burgués non botara raíces no noso país. Por iso a Revolución na Rusia levou ao Poder ao proletariado.

Estes foron os resultados obtidos ao aplicar a teoría de Lenin da hexemonía do proletariado na revolución.

En quinto lugar, a cuestión nacional e colonial.

Marx e Engels, ao analizar na súa época os acontecementos de Irlanda, da India, de China, dos países da Europa Central, de Polonia e de Hungría, formularon as ideas principais que serven de punto de partido na cuestión nacional e colonial. Nas súas obras, Lenin baseábase nestas ideas.

O novo que Lenin aportou a este problema é que:

- a) reuniu as ideas de Marx e Engels nun todo único, nun sistema harmónico de concepcións sobre as revolucións nacionais e coloniais na época do imperialismo;
- b) ligou a cuestión nacional e colonial ao problema do derrocamento do imperialismo;
- c) proclamou a cuestión nacional e colonial parte integrante do problema xeral da revolución proletaria internacional.

Finalmente, a cuestión do Partido do proletariado.

Marx e Engels trazaron de xeito xeral a súa concepción do Partido como destacamento de vangarda do proletariado, sen o cal (sen o Partido) o proletariado non pode acadar a súa emancipación, é dicir, non pode tomar o Poder nin transformar a sociedade capitalista.

O novo que Lenin aportou a este problema consiste en que desenvolveu o bosquexo feito por Marx e Engels, tendo en conta as novas condicións de loita do proletariado no período do imperialismo e demostrou que:

- a) o Partido é a forma superior da organización de clase do proletariado, en comparación coas outras formas da organización do proletariado (os sindicatos, as cooperativas, a organización do Estado), cuxo labor debe sintetizar e orientar;
- b) a ditadura do proletariado só pode ser exercida polo Partido, que é a súa forza orientadora;
- c) a ditadura do proletariado só pode ser completa se está dirixida por un só Partido, polo Partido Comunista, que non comparte e non debe compartir a direccións con outros partidos;
- d) sen unha disciplina de ferro no Partido, non se poden realizar as tarefas da ditadura do proletariado, que consisten en esmagar aos explotadores e en transformar a sociedade de clases en sociedade socialista.

Iso é, a grandes trazos, o novo que Lenin aportou nas súas obras, concretando e desenvolvendo a doutrina de Marx conforme ás novas condicións da loita do proletariado no período do imperialismo.

Precisamente por iso dicimos nós que o leninismo é o marxismo da época do imperialismo e das revolucións proletarias. Disto deducimos que non é posíbel separar o leninismo do marxismo, e moito menos opoñelo ao marxismo.

Na pregunta feita pola delegación dise tamén:

«Sería acertado afirmar que Lenin cría na ‘revolución creadora’, mentres que Marx se inclinaba máis por agardar que o desenvolvemento das forzas económicas acadara o seu cume?»

Coido que afirmar algo así sería completamente erróneo. Opino que toda revolución verdadeiramente popular é creadora, porque destrúe a vella orde e crea, constrúe, unha nova orde.

Resulta evidente que non pode haber nada creador nas ‘revolucións’, se se poden chamar así, que ás veces teñen lugar nalgúns países atrasados en forma de ‘insurreccións’ dunha tribos contra outras e que semellan xogos de nenos. Mais os marxistas endexamais consideramos que estas ‘insurreccións’ parecidas a un xogo de nenos foran revolucións. Non se trata, evidentemente, de ‘insurreccións’ deste tipo, senón dunha revolución popular de masas que levante ás clases oprimidas contra as clases opresoras. E esta revolución non pode deixar de ser creadora. Marx e Lenin eran, precisamente, partidarios desta revolución e só desta revolución. Ademais, esta revolución, como é evidente, non pode facerse en calquera circunstancia, senón só en determinadas condicións económicas e políticas favorábeis.

SEGUNDA PREGUNTA. *Pódese afirmar que o Partido Comunista controla o goberno?*

Stalin: Todo depende do que entendamos por control. Nos países capitalistas teñen unha concepción particular do termo control. Sei que un número de gobernos capitalistas están controlados polos grandes bancos, malia a existencia de parlamentos ‘democráticos’.

Os parlamentos afirman controlar o goberno. O certo, porén, é que a composición dos gobernos está predeterminada, e as súas accións controladas, polos grandes consorcios financeiros. Quen descoñece que non existe un só ‘poder’ capitalista onde o gabinete de goberno poida estar formado contra a vontade dos magnates das finanzas? Abonda coa presión financeira para facer e desfacer no Consello de Ministros, como se estes estivesen enmeigados. Malia que tenten aparentar que os parlamentos controlan o goberno, a realidade é que son os bancos quen o fan.

Se isto é o que entendemos por control, entón teño que dicir que este control do goberno por un grupo de ricos é absolutamente inconcibíbel na realidade do noso país, aínda que só sexa pola razón de que os bancos hai xa moito tempo que foron nacionalizados e os oligarcas foron expulsados da URSS.

Quizais a delegación quería preguntar non sobre o control, senón sobre a orientación que o Partido fai do goberno. Se isto é o que se quería preguntar, a miña resposta é: Si, no noso país o Partido guía o goberno. E o Partido é capaz de facelo porque goza da

confianza da maioría dos obreiros e da clase traballadora en xeral, e ten dereito a orientar os órganos de goberno no nome desa maioría.

Como se manifesta este control do goberno polo partido dos traballadores na URSS, polo Partido Comunista da URSS?

En primeiro lugar, polo esforzo do Partido Comunista, a través dos Soviets e dos seus representantes, en asegurar a eleccións dos seus candidatos para os principais postos do goberno, en elixir aos seus mellores traballadores, os máis fieis á causa do proletariado, os máis dispostos a servir ao proletariado. Isto pódese facer na grande maioría dos casos porque os traballadores e os campesiños teñen confianza no Partido. Non é casual que os dirixentes dos órganos de goberno no noso país sexan comunistas que gozan dun enorme prestixio no país.

En segundo lugar, pola peritaxe que o Partido fai do traballo dos órganos da administración, do traballo dos órganos de goberno, rectificando erros e defectos, moitos deles evitábeis, axudando a ese órganos a levar a cabo as decisións do goberno e tratando de asegurar para eles o apoio das masas; ademais nin unha soa decisión importante é tomada por eles sen as apropiadas instrucións do Partido.

En terceiro lugar, polo feito de que cando se redacta o plan de traballo dos distintos órganos de goberno no ámbito da industria ou a agricultura, ou no ámbito do comercio ou o desenvolvemento cultural, o Partido dá instrucións xerais que definen o carácter e a dirección do labor destes órganos durante o período de vixencia do plan de traballo.

A prensa burguesa, polo xeral, expresa a súa ‘sorpresa’ pola ‘inxerencia’ do Partido nos asuntos de estado. Mais esta ‘sorpresa’ é absolutamente falsa. É ben sabido que nos países capitalistas os partidos burgueses ‘interfiren’ igualmente nos asuntos de estado e orientan ao goberno, e neses países nos que os que ‘guían’ son un reducido círculo de persoas, que dun ou doutro xeito están relacionados cos grandes bancos, esforzándose moito, por este motivo, en agachar á poboación o papel que desempeñan.

Quen non sabe que todos os partidos burgueses de Inglaterra, ou doutros países capitalistas, contan cun gabinete secreto formado por un pequeno número de persoas que concentran nas súas mans o exercicio de orientar? Lembremos, por exemplo, a referencia de Lloyd George ao ‘gabinete na sombra’ do Partido Liberal. As diferenzas entre a Terra dos Soviets e os países capitalistas son:

- a) nos países capitalistas os partidos burgueses orientan ao Estado na defensa dos intereses da burguesía contra os do proletariado, mentres que na URSS o Partido Comunista orienta ao Estado na defensa dos intereses do proletariado contra os da burguesía;
- b) os partidos burgueses ocultan á poboación o seu papel de guía para non espertar suspicacias, agachan os seus ‘gabinetes na sombra’, mentres que o Partido Comunista na URSS non precisa de ‘gabinetes na sombra’; senón que condena a política e a práctica dos ‘gabinetes na sombra’ e declara abertamente a todo o país que asume a responsabilidade de guiar o Estado.

Un delegado: Guía o Partido aos sindicatos cos mesmos principios?

Stalin: En xeral, si. Formalmente, o Partido non pode dar directrices aos sindicatos, pero o Partido dá directrices aos comunistas que traballan nos sindicatos. É sabido que nos sindicatos hai grupos comunistas, como tamén hai nos Soviets, nas cooperativas, e así sucesivamente. É o deber destes grupos comunistas traballar para asegurar que os sindicatos, os Soviets, as cooperativas, e outros órganos adopten decisións que vaian na liña das directrices do Partido. E así sucede na maioría dos casos, xa que o Partido exerce unha enorme influencia sobre as masas e goza dunha grande confianza. Desta maneira está garantida a unidade de acción entre as moi diversas organizacións proletarias. Sen esta unidade, habería confusión e desharmonía no traballo destas organizacións da clase obreira.

TERCEIRA PREGUNTA. *Xa que só un partido é legal na Rusia, como poden saber se as masas simpatizan co comunismo?*

Stalin: É certo que na URSS non hai partidos burgueses; que só un partido, o partido da clase obreira, o Partido Comunista, é legal. Temos, sen embargo, a certeza, a convición de que a maioría dos obreiros, a maioría das clases traballadoras, simpatizan cos comunistas? Falamos, por suposto, das masas obreiras e campesiñas e non da nova burguesía, non de restos da antiga clase de explotadores, que xa foi destruída polo proletariado. Si, temos a posibilidade, temos os medios para determinar se as masas obreiras e campesiñas simpatizan cos comunistas ou non.

Tomemos os máis importantes períodos na vida do noso país e vexamos se hai razóns para afirmar que as masas realmente simpatizan cos comunistas.

Tomemos, en primeiro lugar, un período tan importante como foi a Revolución de Outubro de 1917, cando o Partido Comunista, precisamente como partido, fixo un claro chamamento aos obreiros e campesiños para derrocar o poder da burguesía, e cando este Partido obtivo o apoio da inmensa maioría dos obreiros, soldados e campesiños.

Cal era a situación nesa momento? Os socialrevolucionarios e os socialdemócratas (menxeviques), que formaran un bloque coa burguesía, estaban daquela no poder. O aparello estatal, central e local, así como o aparello militar que mandaba sobre os 12 millóns de soldados, estaban en poder destes partidos, en poder do goberno. O Partido Comunista estaba nunha situación de semilegalidade. A burguesía de todos os países profetizaba o inevitábel colapso do Partido Bolxevique. A Entente na súa totalidade defendía ao Goberno de Kerensky. Porén, o Partido Comunista, o Partido Bolxevique, nunca deixou de facer un chamamento ao proletariado para derrocar ese goberno e establecer a ditadura do proletariado. Ben, que sucedeu? A inmensa maioría das masas traballadoras, xa fora na retagarda ou na fronte, apoiaron ao Partido Bolxevique. O goberno de Kerensky foi derrocado e estableceuse o poder do proletariado.

Como é posíbel que os bolxeviques resultaran vitoriosos nese momento a pesar das hostís profecías lanzadas polas burguesías de todos os países sobre o suposto fracaso do Partido Bolxevique? Seica isto non demostra que as grandes masas do pobo traballador simpatizaban co Partido Bolxevique? Coido que si.

Aquí teñen vostedes a primeira proba do prestixio e influencia do Partido Comunista entre as grandes masas da poboación.

Tomemos o seguinte período, o período de intervención, de guerra civil, cando o capital inglés ocupou o norte de Rusia, a zona do Archangel e Murmansk, cando os capitalistas americanos, ingleses, xaponeses e franceses ocuparon Siberia situando a Kolchak no mando, cando os capitalistas franceses e ingleses deron pasos para ocupar o “Sur da Rusia” capitaneados por Denikin e Wrangel.

Trátase dunha guerra levada a cabo pola Entente e os xenerais contrarrevolucionarios rusos contra o goberno comunista de Moscova, contra os logros de Outubro da nosa revolución. É o período onde a fortaleza e estabilidade do Partido Comunista foron postos a proba entre as masas de obreiros e campesiños.

E que pasou? Seica non se sabe que o resultado da Guerra Civil foi a expulsión dos exércitos de ocupación e a expulsión dos xenerais contrarrevolucionarios do Exército Roxo?

Evidenciouse que o destino dunha guerra se decide en última instancia, non polo equipo militar co que Kolchak e Denikin foron aprovisionados polos inimigos da URSS, senón por unha política correcta, pola simpatía e apoio da inmensa maioría da poboación.

Foi un golpe de sorte o que provocou a vitoria do Partido Bolxevique? Por suposto que non. Non demostra este feito que o Partido Comunista goza no noso país da simpatía das amplas masas do pobo traballador? Coido que si.

Aquí teñen a segunda proba da fortaleza e estabilidade do Partido Comunista na URSS.

Pasemos á etapa actual, o período de posguerra, cando a construción da paz está na orde do día, cando o período de perturbación económica foi substituído polo período da restauración da industria, e finalmente, polo período da reconstrución do conxunto da nosa economía nacional sobre unha nova base técnica. Temos agora vías para coñecer a fortaleza e estabilidade do Partido Comunista, de determinar o alcance da simpatía coa que conta o Partido entre o pobo traballador? Coido que si que as temos.

Tomemos, en primeiro lugar, os sindicatos da Unión Soviética, que reúnen a uns 10 millóns de proletarios; imos examinar a composición dos principais órganos dos nosos sindicatos. É unha casualidade que os comunistas estean á cabeza destes organismos? Por suposto que non. Sería absurdo pensar que a composición dos principais órganos dos sindicatos é unha cuestión indiferente para os obreiros da URSS. O proletariado soviético creceu e foi adestrado nas turbulencias de tres revolucións. Aprendeu, como ninguén o fixo, a poñer a proba aos seus dirixentes para ver se eles estaban ao servizo dos intereses do proletariado. Nunha época, Plejanov foi o home máis popular no noso partido. Os obreiros, sen embargo, non dubidaron un chisco en illalo por completo cando viron que abandonara a liña proletaria. O feito de que estes obreiros expresen a súa completa confianza nos comunistas, elixíndoos para postos de responsabilidade nos sindicatos, é unha proba evidente de que a fortaleza e a estabilidade do Partido Comunista entre os obreiros son enormes.

Aquí teñen outra proba de que as masas obreiras simpatizan certamente co Partido Comunista.

Tomemos as últimas eleccións aos Soviets. Na URSS teñen dereito ao voto nas eleccións aos Soviets todas as persoas maiores de 18 anos, independentemente do seu sexo ou nacionalidade –agás os elementos burgueses que explotan o traballo dos demais e foron privados de dereitos electorais. Isto fai un total de sesenta millóns de votantes. A inmensa maioría deles, por supostos, son campesiños. Deses sesenta millóns, sobre un 51 por cento, aproximadamente trinta millóns, exercen o seu dereito ao voto. Agora examinen a composición dos principais órganos dos nosos Soviets, central e locais. Pode ser unha casualidade que a abafante maioría dos seus membros sexan comunistas? Obviamente, non. Non amosa este feito que o Partido Comunista goza da confianza das grandes masas campesiñas? Coido que si.

Tomemos o exemplo do Komsomol (Liga da Mocidade Comunista), o cal agrupa a uns dous millóns de xoves da clase obreira e o campesiñado. Será casualidade que a inmensa maioría dos seus dirixentes elixidos sexan comunistas? Penso que non.

Esta é outra proba da fortaleza e o prestixio do Partido Comunista.

Finalmente, tomemos as innumerábeis asembleas, conferencias, reunións de delgados, e así sucesivamente, que engloban a vastas masas do pobo traballador, obreiros e campesiños, homes e mulleres, de todas as nacionalidades incluídas na URSS. Nos países occidentais, a xente algunhas veces fala ironicamente sobre estas conferencias e asembleas, e din con retranca que os rusos, polo xeral, ‘gustan de falar moito’. Para nós, porén, estas conferencias e asembleas son de enorme importancia para comprobar o estado de ánimo das masas e como medio para expoñer os nosos erros e as súas posíbeis solucións, porque nós temos non poucos erros e non os escondemos, porque coidamos que expoñer con honestidade os erros e así corrixilos é o mellor xeito de mellorar a administración do país. Lean os discursos pronunciados nas asembleas e conferencias, lean os prácticos e sinceros comentarios desta ‘xente común’, obreiros e campesiños, lean as decisións adoptadas por eles e verán a enorme influencia e prestixio que ten o Partido Comunista, influencia e prestixio que serían envexados por calquera outro partido do mundo.

Aquí teñen unha proba máis da fortaleza do Partido Comunista.

Estas son as vías, os camiños que nos permiten probar a forza e a influencia do Partido Comunista entre as masas populares.

Así é como sabemos que as masas obreiras e campesiñas da URSS simpatizan co Partido Comunista.

CUARTA PREGUNTA. *Se un grupo de persoas alleas ao Partido que se unen para presentar os seus propios candidatos ás eleccións nunha plataforma que defenda ao goberno soviético, mais, asemade, demandan a abolición do monopolio do comercio exterior, poden eles contar cos seus propios fondos e levar a cabo unha activa campaña política?*

Stalin: Considero que existe unha irreconciliábel contradición nesta cuestión. Non podemos concibir un grupo organizado nunha plataforma que apoie ao goberno Soviético e, ao mesmo tempo, que esixa a abolición do monopolio do comercio exterior.

Por que? Porque o monopolio do comercio exterior é un dos inquebrantábeis piares do goberno Soviético; porque un grupo que demande a abolición do monopolio do comercio exterior non pode defender ao goberno Soviético; porque este grupo tería que ser por forza profundamente hostil a todo o sistema soviético.

Hai, por suposto, elementos na URSS que demandan a abolición do monopolio do comercio exterior. Son os NEPmen*, os kulaks e os restos da xa destruída clase explotadora. Porén, estes elementos representan unha insignificante minoría da poboación. Non creo que a delegación faga referencia na súa pregunta a estes elementos. Se a delegación, pola contra, quere referirse aos obreiros e ás masas campesiñas, entón debo dicir que entre eles a demanda da abolición do monopolio do comercio exterior só provoca mofa e hostilidade.

Cales serían para os obreiros, de feito, as consecuencias da abolición do monopolio do comercio exterior? Para eles, significaría o abandono da industrialización do país, a detención da construción de novas fábricas e factorías e da ampliación das actuais. Para eles, sería o asolagamento da URSS con mercadorías procedentes dos países capitalistas, a liquidación da nosa industria por mor da súa relativa debilidade, o medre do desemprego, o empeoramento das condicións materiais da clase obreira, e o esmorecemento da súa situación económica e posicións políticas. Finalmente, significaría o fortalecemento da NEPmen e da nova burguesía en xeral. Pode o proletariado da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas estar a favor dun suicidio como ese? Obviamente, non.

E que significaría para o campesiñado a abolición do monopolio do comercio exterior? Significaría pasar de ser un país independente a ser unha semicolonía, un empobrecemento das masas campesiñas. Significaría volver ao réxime de 'libre comercio' que prevaleceu baixo Kolchak e Denikin, cando as forzas combinadas dos xenerais contrarrevolucionarios e os 'Aliados' tiñan liberdade para roubar e esquilmar ás vastas masas campesiñas. Significaría o fortalecemento dos kulaks e doutros elementos explotadores do rural. O campesiñado experimentou dabondo o encanto deste réxime na Ucraína, no norte do Cáucaso, na bacía do Volga e en Siberia. Que motivos hai para pensar que queren volver a colocarse a sogá ao pescozo? Non é evidente que as masas traballadoras campesiñas non poden estar a prol da abolición do monopolio do comercio exterior?

Un delegado: A delegación formulou a cuestión do monopolio do comercio exterior, verbo da súa supresión, en torno ao cal un grupo de poboación se puidera organizar se non fose polo feito de que un partido goza dun monopolio na URSS, o monopolio da legalidade.

Stalin: A delegación volve á cuestión do monopolio do que goza o Partido Comunista como único partido legal na URSS. Respondín brevemente a esta cuestión cando falei dos medios para comprobar a simpatía da que goza o Partido Comunista por parte das masas obreiras e campesiñas.

* NdT: Unión do acrónimo *NEP* (Nova Política Económica) coa palabra inglesa *men*. Negociantes que aproveitaban as oportunidades para o comercio privado que deixaba a NEP.

No tocante aos outros estratos da poboación, os kulaks, a NEPmen, os restos das antigas e derrotadas clases explotadoras, todos eles se viron privados do dereito a ter as súas propias organizacións políticas, e tamén dos dereitos electorais. O proletariado arrebatou á burguesía non só as fábricas e as factorías, os bancos e os ferrocarrís, a terra e as minas; tamén lle arrebatou o dereito a ter as súas propias organizacións políticas, porque o proletariado non quere ver restaurado o poder burgués. Semella que a delegación non se opón a que o proletariado da URSS despoxara á burguesía e aos terratenentes das factorías e fábricas, da terra e dos ferrocarrís, dos bancos e das minas. (*Risos*).

E coido, porén, que a delegación está un pouco sorprendida de que o proletariado non se limitara a isto, que fora máis alá e privara á burguesía dos dereitos políticos. Algo que, na miña opinión, non é moi lóxico, ou máis correctamente, é bastante ilóxico. Por que o proletariado debe ser obrigado a mostrar benevolencia para coa burguesía? A burguesía no Occidente, onde está no poder, amosa a máis mínima benevolencia coa clase obreira? Seica non arrecuncha na clandestinidade aos auténticos partidos revolucionarios da clase obreira? Por que debería estar obrigado o proletariado da URSS a mostrar magnanimidade co seu inimigo de clase? Coido que hai que ser consecuentes. Aqueles que consideran que os dereitos políticos poden ser restaurados á burguesía, deberían ser consecuentes e ir alén e expoñer a cuestión da restauración á burguesía das factorías e fábricas, dos ferrocarrís e bancos.

Un delegado: O propósito da delegación era o de pescudar como opinións de entre a clase obreira e campesiña que non sexan as opinións do Partido Comunista poden atopar unha expresión legal. Sería un erro considerar que a delegación está interesada na restauración dos dereitos políticos á burguesía, que está interesada en como a burguesía debe atopar medios legais para expresar as súas opinións. Ao que nos referimos é como opinións de entre a clase obreira e campesiña distintas ás do Partido Comunista poden atopar unha expresión legal.

Outro delegado: Estas opinións diferentes deben atopar unha forma de expresión nas organizacións de masas da clase obreira, nos sindicatos.

Stalin: Moi ben. Consecuentemente, non é unha cuestión sobre a restauración dos dereitos políticos da burguesía, senón sobre os conflitos de opinión dentro da clase obreira e entre o campesiñado.

Existe algún conflito de opinión entre os obreiros e as masas traballadoras campesiñas na Unión Soviética na actualidade? Non hai dúbida de que existe. É imposible que millóns de obreiros e campesiños pensan igual sobre todas as cuestións prácticas e en todos os detalles. Iso nunca sucede. En primeiro lugar, hai unha grande diferenza entre os obreiros e o campesiñado, tanto no tocante á súa posición económica como no referido aos seus puntos de vista sobre diversas cuestións. En segundo lugar, hai certas diferenzas nos puntos de vista dentro da propia clase obreira, diferenzas na formación, diferenzas na idade e no temperamento, diferenzas entre os obreiros veteranos e os que acaban de chegar do rural. Todo isto dá lugar a conflitos de opinión entre os traballadores e entre as masas traballadoras campesiñas, e estes conflitos de opinión atopan a súa expresión legal nas asembleas, nos sindicatos, nas cooperativas, durante as eleccións aos Soviets, etc.

Pero hai unha radical diferenza entre os conflitos de opinión agora, nas condicións da ditadura do proletariado, e os conflitos de opinión que existían no pasado, antes da Revolución de Outubro. No pasado, os conflitos de opinión entre os obreiros e os traballadores campesiños centrábanse principalmente en cuestións como o derrocamento dos terratenentes, do tsarismo, da burguesía e sobre o esmagamento da orde burguesa. Agora, baixo o poder Soviético, os conflitos de opinión, as discusións, non xiran ao redor de cuestións como o derrocamento do poder soviético, do esmagamento do sistema soviético, senón sobre cuestións como a mellora dos órganos da Unión Soviética, da mellora do seu traballo. Hai unha diferenza radical.

Non hai nada de sorprendente no feito de que os conflitos de opinión no pasado, ao redor de temas como a destrución revolucionaria da orde existente, serviran de base á aparición de distintos partidos rivais dentro da clase obreira e das masas traballadoras campesiñas. Eses partidos eran: o Partido Bolxevique, o Partido Menxevique e o Partido Social-Revolucionario. Por outra parte, non é en absoluto difícil de comprender que agora, baixo a ditadura do proletariado, os conflitos de opinión non teñen por obxecto a destrución do sistema soviético, senón a súa mellora e consolidación, e non proporcionan ningunha base para a existencia de varios partidos entre os obreiros e os traballadores do campo.

Esa é a razón da legalidade dun só partido, o Partido Comunista. O monopolio do que goza este Partido, non só non atopa ningunha obxección entre os obreiros e os campesiños, senón, pola contra, é aceptado como algo necesario e positivo.

A posición do noso Partido como o único partido legal no país (o monopolio do Partido Comunista) non é algo artificial deliberadamente inventado. Esta posición non pode ser creada artificialmente mediante maquinacións administrativas. O monopolio do noso Partido xurdiu da vida, desenvolveuse historicamente como consecuencia da total quebra dos partidos Social-Revolucionario e Menxevique, e a súa desaparición da escena baixo as condicións imperantes no noso país.

Que eran os partidos Social-Revolucionario e Menxevique no pasado? Eran canles de influencia burguesa entre o proletariado. Que promovían e defendían estes partidos antes de Outubro do 17? A existencia da clase burguesa e, en último termo, a existencia da dominación burguesa. Non é evidente que cando a burguesía foi derrotada, os fundamentos da existencia destes partidos desapareceron?

En que se converteron estes partidos despois de Outubro do 17? Transformáronse en partidos que avogaban pola restauración do capitalismo e a destrución do poder proletario. Seica non é obvio que estes partidos estaban obrigados a perder todo apoio e toda influencia entre os obreiros e as masas traballadoras do campo?

A loita entre o Partido Comunista e os partidos Social-Revolucionario e Menxevique pola influencia sobre a clase obreira non comezou onte. Principiou cando se manifestou o primeiro sinal dun movemento de masas revolucionario na Rusia, incluso antes de 1905. O período entre 1903 e Outubro de 1917 foi un período dun feroz conflito de opinións dentro da clase obreira do noso país, un período de loita entre os bolxeviques, os menxeviques e os socialrevolucionarios por gañar influencia dentro da clase obreira. Durante este período, a clase obreira da URSS pasou por tres revolucións. No crisol destas revolucións, foron xulgados e examinados estes partidos, probada a súa

conveniencia para a causa da revolución proletaria, analizado o ser carácter revolucionario proletario. E así, xusto antes dos días da Revolución de 1917, cando a historia resumiu todo o pasado de loita revolucionaria, cando a historia puxo na balanza os distintos partidos que loitaban dentro da clase obreira, a clase obreira da URSS fixo a súa definitiva elección e aceptou ao Partido Comunista como único partido proletario.

Como explicamos o feito de que a clase obreira optara polo Partido Comunista? Non é un feito que os bolxeviques no Petrogrado soviético, por exemplo, eran unha insignificante minoría en abril de 1917? Non é un feito que os socialrevolucionarios e os menxeviques tiñan nesa época unha abafante maioría nos Soviets? Non é un feito que xusto antes de Outubro todo o aparello do goberno e todos os instrumentos de coacción estaban nas mans dos partidos Social-Revolucionario e Menxevique, os cales formaran un bloque coa burguesía?

A explicación é que o Partido Comunista se mantivo en pé na defensa do cese da guerra, na defensa dunha inmediata e democrática paz, mentres que os partidos Social-Revolucionario e Menxevique avogaron pola «guerra até un vitorioso final», a continuación da guerra imperialista.

A explicación é que o Partido Comunista avogou polo derrocamento do goberno de Kerensky, polo derrocamento do poder burgués, pola nacionalización das factorías e fábricas, dos bancos e ferrocarrís, mentres que os partidos Social-Revolucionario e Menxevique defenderon ao goberno de Kerensky e defenderon o dereito da burguesía a posuír as factorías e as fábricas, os bancos e os ferrocarrís.

A explicación é que o Partido Comunista loitou pola inmediata confiscación dos terratenentes para o beneficio dos campesiños, mentres que os partidos Social-Revolucionario e Menxevique adiaron esta cuestión até a convocatoria da Asemblea Constituínte, onde a aprazaron indefinidamente.

É de estrañar, logo, que os traballadores e campesiños pobres finalmente fixeran a súa elección a prol do Partido Comunista?

É de estrañar, logo, que o Partido Social-Revolucionario e Menxevique perderan seguidores tan rapidamente?

Estas son as razóns que explican o monopolio do Partido Comunista e por que chegou ao poder.

O seguinte período, o período posterior a 1917, o período da guerra civil, foi o período do castigo final para os partidos Social-Revolucionario e Menxevique, o período do triunfo final do Partido Bolxevique. Neste período, os propios menxeviques e socialrevolucionarios facilitaron o triunfo do Partido Comunista. Os restos dos partidos Social-Revolucionario e Menxevique, os cales foran esnaquizados e afundidos durante a Revolución de Outubro, comezaron a vincularse ás revoltas contrarrevolucionarias dos kulaks, formaron un bloque cos seguidores de Kolchak e Denikin, entraron ao servizo da Entente e ficaron desacreditados totalmente aos ollos dos obreiros e os campesiños. A situación creada entón foi que os socialrevolucionarios e os menxeviques, despois de pasar de revolucionarios burgueses a burgueses contrarrevolucionarios, axudaron á Entente nos seus esforzos por estrangular á nova Rusia soviética, mentres que o Partido

Bolxevique, aglutinando ao ser redor a todo o que era vital e revolucionario, creou máis e máis destacamentos de obreiros e campesiños para loitar pola Patria Socialista, para loitar contra a Entente.

Naturalmente, a vitoria dos comunistas neste período compartiu a absoluta derrota dos socialrevolucionarios e menxeviques. É sorprendente que despois de todo isto o Partido Comunista se convertera no único partido da clase obreira e o campesiñado pobre?

Esta é a explicación do xurdimento do monopolio do Partido Comunista como único partido legal.

Vostedes falan dun conflito de opinión entre os obreiros e os campesiños na actualidade, baixo as condicións da ditadura do proletariado. Xa dixen que hai e haberá un conflito de opinión, que non é posíbel o progreso sen el. Mais o conflito de opinión entre os traballadores baio as condicións presentes non gravita ao redor da cuestión do derrocamento do sistema soviético, senón ao redor de cuestións prácticas relacionadas coa mellora dos Soviets, coa corrección dos erros cometidos polos órganos soviéticos e, xa que logo, coa consolidación do réxime soviético. É abondo comprensíbel que este conflito de opinión só pode fortalecer e perfeccionar o Partido Comunista. É dabondo comprensíbel que este conflito de opinión fortaleza o monopolio do Partido Comunista. É dabondo comprensíbel que este conflito de opinión non pode servir de base para a formación doutros partidos entre a clase obreira e o campesiñado traballador.

QUINTA PREGUNTA: *Podería dicirnos con brevidade cales son os principais desacordos entre Trotski e vostede?*

Stalin: Debo dicir, en primeiro lugar, que os desacordos con Trotski non son desacordos persoais. Se existiran desacordos persoais, o Partido non gastaría neles nin unha soa hora, non lle interesan ese tipo de cuestións individuais.

Refírense vostedes, evidentemente, aos desacordos no Partido. Así é como eu entendo a pregunta. Si, existen eses desacordos no Partido. As características deses desacordos describíronse polo miúdo nos informes recentemente emitidos por Rykov en Moscova e por Bukharin en Leningrado. Estes informes foron publicados. Non teño nada que engadir ao que se di neles sobre os desacordos. Se non teñen eses documentos, podo conseguilos para vostedes. *(A delegación afirma que xa teñen eses documentos.)*

Un delegado: Ao noso retorno seremos preguntados por estes desacordos, pero non temos todos os documentos. Por exemplo, non temos o da 'Plataforma dos 83'.

Stalin: Eu non firmei o da 'Plataforma'. Non teño ningún dereito a dispoñer dos documentos doutras persoas. *(Risos.)*

SEXTA PREGUNTA. *Nos países capitalistas o principal incentivo para o desenvolvemento da produción é a esperanza de obter beneficios. Este incentivo está, por suposto, relativamente ausente na URSS. Que é o que substitúe a este incentivo? É eficaz? Pode ser permanente?*

Stalin: É certo que a principal forza motriz da economía capitalista é o beneficio. Tamén é certo que o beneficio non é nin o obxectivo nin a forza motriz da nosa industria socialista. Cal é, logo, a forza motriz da nosa industria?

En primeiro lugar, o feito de que as fábricas e as factorías no noso país pertencen a todo o pobo e non aos capitalistas, que as fábricas e as factorías non estean xestionadas polos axentes dos capitalistas, senón polos seus representantes da clase obreira. A consciencia de que os obreiros non traballan para os capitalistas, senón para o seu propio Estado, para a súa propia clase, é unha enorme forza motriz no desenvolvemento e perfección da nosa industria.

Compre sinalar que unha abafante maioría de directores de fábrica e factoría no noso país son persoas designadas polo Consello Supremo de Economía Nacional, de acordo cos sindicatos, e que nin un só administrador da fábrica pode permanecer no seu posto contra a vontade dos obreiros ou do sindicato.

Hai que sinalar tamén que en cada fábrica existe un comité de fábrica, elixido polos obreiros, que controla as actividades directivas.

Finalmente, compre sinalar que en cada empresa industrial se celebran conferencias dos obreiros, nas que están presentes todos os obreiros e onde avalían o traballo da xerencia, discuten o plan de traballo, sinalan os erros e as deficiencias, e teñen a oportunidade de poñer en orde esas deficiencias a través dos seus sindicatos, a través do Partido e a través dos órganos de goberno soviéticos.

Non é difícil comprender que todo isto cambia radicalmente o estatus dos obreiros e a orde das cousas nas distintas empresas. Mentres que baixo o capitalismo o obreiro contempla a fábrica como algo alleo a el, como algo que non é da súa propiedade, incluso como unha prisión, baixo o sistema soviético o obreiro xa non ten esa consideración da fábrica como unha prisión, senón como algo próximo e querido por el, cuxo desenvolvemento e mellora é de vital interese para el.

Isto é apenas unha proba de que esta nova actitude dos obreiros para coa fábrica, para coa empresa, esta sensación de que a fábrica é algo próximo e querido por el, serve como unha enorme forza motriz para toda a nosa industria.

Isto explica o feito de que o número de inventores obreiros no campo da técnica de produción, e de obreiros organizadores da industria non pare de medrar.

En segundo lugar, o feito de que os ingresos derivados da industria do noso país non sirvan ao enriquecemento individual, senón que sexan empregados para expandir aínda máis a industria, e así mellorar as condicións materiais e culturais da clase obreira e reducir o prezo dos produtos manufacturados que precisan os obreiros e os campesiños, significa, de novo, a mellora das condicións materiais das masas traballadoras.

O capitalista non pode dedicar os seus ingresos á mellora do benestar da clase obreira. O seu obxectivo é conseguir beneficios; se non fora así el non sería un capitalista. El consegue beneficios co fin de convertelos en capital adicional para exportar aos países menos desenvolvidos co gallo de obter aínda máis beneficios. Isto explica o fluxo de

capital de América do Norte a China, Indonesia, América do Sur e Europa, de Francia ás colonias francesas, e de Inglaterra ás súas colonias.

No noso país as cousas son diferentes, porque nós non nos identificamos coa política colonial. No noso país, os ingresos derivados da industria fican aquí e son utilizados para ampliar aínda máis a industria, para mellorar as condicións dos obreiros, e para ampliar a capacidade do mercado nacional, incluído o mercado campesiño, mediante a redución dos prezos dos produtos manufacturados. No noso país, aproximadamente un dez por cento dos beneficios obtidos na industria son destinados á mellora das condicións da clase obreira. Unha suma equivalente ao trece por cento do total dos pagos salariais son asignados ao seguro da clase obreira a expensas do Estado. Unha certa parte dos ingresos (non podo dicir agora mesmo exactamente canto) utilízase para a cultura, a formación profesional e as vacacións anuais dos obreiros. Unha parte bastante considerábel dos ingresos (tampouco podo dicir con exactitude a cantidade) emprégase para aumentar o salario dos obreiros. O resto dos ingresos da industria destínase á expansión da industria, para a construción de novas fábricas e a reparacións das antigas, e, por último, para reducir o prezo dos produtos manufacturados.

A enorme importancia para a industria destes feitos é que:

- a) axudan a achegar a agricultura á industria, suavizando a antítese entre campo e cidade.
- b) contribúen a ampliar a capacidade do mercado nacional –urbano e rural- e, así, crear as bases para o futuro desenvolvemento da industria.

En terceiro lugar, a nacionalización da industria facilita a súa xestión planificada de maneira xeral.

Son estes estímulos e forzas motivadoras da nosa industria factores permanentes? Poden ser factores que operen permanentemente? Si, son de funcionamento permanente, sen dúbida. E canto máis se desenvolve a nosa industria, máis é a importancia e a potencia dos mesmos.

SÉTIMA PREGUNTA: *En que medida pode a URSS cooperar coa industria capitalista doutros países? Existe un límite definido a esta cooperación, ou é simplemente un experimento para determinar en que áreas é posíbel esta cooperación e en cales non?*

Stalin: Evidentemente, estanse a referir aos acordos temporais con estados capitalistas no campo da industria, do comercio e, quizais, no campo das relacións diplomáticas.

Considero que a existencia de dous sistemas opostos, o sistema capitalista e o sistema socialista, non exclúe a posibilidade de acordos. Coido que estes acordos son posíbeis e convenientes nas condicións de desenvolvemento pacífico.

O campo das exportacións e importacións é os máis acaído para este tipo de acordos. Necesitamos: equipamentos, materias primas (algodón, por exemplo), semimanufacturas (a partir de metais, etc.), mentres que os capitalistas precisan un mercado para eses produtos. Temos aquí unha base para os acordos. Necesitamos

créditos, os capitalistas necesitan bos intereses para os seus créditos. Aquí temos as bases para futuros acordos, nomeadamente no campo dos créditos; ademais, é ben sabido que os órganos soviéticos son os máis escrupulosos no pago dos seus créditos. Outro tanto podemos dicir no campo das relacións diplomáticas. Estamos levando a cabo unha política de paz e estamos dispostos a asinar pactos de non agresión mutua cos estados burgueses. Estamos dispostos a chegar a un acordo sobre o desarme, incluso sobre a completa abolición dos exércitos permanentes; nós xa declaramos isto a todo o mundo na Conferencia de Xénova¹. Hai que ter unha base para chegar a acordos na esfera diplomática.

Os límites a estes acordos? Os límites son fixados pola natureza oposta de dous sistemas entre os que existe rivalidade, loita. Dentro dos límites permitidos entre estes dous sistemas, e só dentro destes límites, os acordos son bastante posíbeis. A experiencia dos acordos con Italia, Alemaña, Xapón, etc., son unha mostra disto.

Estes acordos son só un experimento ou poden ser máis ou menos sólidos? Non depende só de nós; tamén depende das outras partes. Dependem da situación xeral. Unha guerra pode desbaratar todos os acordos. Por último, tamén depende das características dos acordos. Nós non podemos aceptar condicións escravistas. Temos un acordo con Harriman, que explota minas de magnesio en Xeorxia. Esta acordo ten unha duración de vinte anos. Como ven, non é pouco tempo. Tamén temos acordos con Lena Gold-Fields Company, con minas de ouro en Siberia. Esta acordos é de trinta anos –un período aínda máis longo. Finalmente, temos un acordo con Xapón, para a explotación do petróleo e o carbón en Sakhalin.

Gustaríanos que estes acordos fosen duradeiros. Porén, por suposto, tamén depende das outras partes.

OITAVA PREGUNTA: *Cales son as principais diferenzas entre Rusia e os estados capitalistas no tocante ás minorías nacionais?*

Stalin: Evidentemente, estase a referir ás nacionalidades na URSS que anteriormente estaban oprimidas polos tsarismo e polas clases explotadoras rusas, e que non posuían a condición de estado.

A principal distinción é que nos estados capitalistas existe a opresión e a escravitude nacional, mentres que aquí na URSS ambas as dúas foron completamente erradicadas.

Nos estados capitalistas, ademais de ‘estados’ nacións de primeira categoría, privilexiados, hai tamén ‘non estados’ de segunda categoría, desprovistos de varios dereitos, sobre todo o dereito de contar cun propio estado. No noso país, na URSS,

¹ A Conferencia de Xénova –conferencia económica internacional celebrada en Xénova (Italia) entre o 10 e o 19 de maio de 1922. Non tomou parte del, por unha parte, Gran Bretaña, Francia, Italia, Xapón e outros estados capitalistas, e, por outra parte, a Rusia soviética. Na apertura da Conferencia, a delegación da Unión Soviética presentou un amplo programa para a rehabilitación de Europa e tamén un plan para o desarme universal. As propostas soviéticas foron rexeitadas. Os representantes dos países capitalistas presentaron á delegación soviética demandas, que de ser aceptadas, significarían a transformación da terra dos Soviets nunha colonia dos capitalistas da Europa Occidental (pago de todas as débedas da guerra e da preguerra, restitución das propiedades estranxeiras nacionalizadas aos seus antigos donos, etc.). A delegación soviética rexeitou as reclamacións dos capitalistas estranxeiros.

porén, todas as características da desigualdade nacional e da opresión nacional foron abolidas. No noso país, todas as nacións teñen os mesmos dereitos e son soberanas, gozan duns privilexios de nación e estado que anteriormente eran exclusividade da nación dominante. A Gran Nación Rusa foi abolida.

Non se trata, por suposto, dunha cuestión de declaracións sobre a igualdade de dereitos das nacionalidades. Toda clase de partidos burgueses e socialdemócratas fixeron numerosas declaracións sobre a igualdade de dereitos nacionais. Mais, para que valen todas estas declaracións se non se levan á práctica? A chave desta cuestión é a abolición das clases, que son os vehículos, os autores, da opresión nacional. No noso país, estas clases eran os terratenentes e os capitalistas. Nós derrocamos a estas clases e, deste xeito, tamén acabamos coa posibilidade de opresión nacional. E precisamente porque derrocamos a estas clases, é posíbel unha xenuína igualdade de dereitos nacionais no noso país.

Isto é o que no noso país chamamos á realización da idea da autodeterminación das nacións, incluído o dereito de secesión. Precisamente porque tivemos en conta o dereito de autodeterminación das nacións, tivemos éxito en acabar coa desconfianza mutua entre as masas traballadoras das distintas nacións da URSS e en acadar unha unión voluntaria destas nacións. A Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, tal como existe hoxe, é o resultado da nosa política nacional e a expresión voluntaria da federación das nacións da URSS nun estado unido.

Esta política no referente á cuestión nacional é inconcibíbel nos países capitalistas, xa que alí os capitalistas, que son os causantes e autores da opresión nacional, aínda seguen no poder.

Non podo deixar de subliñar, por exemplo, o feito de que o órgano supremo de poder na URSS, o Comité Central Executivo dos Soviets, non é necesariamente dirixido por un presidente ruso, senón por seis presidentes, correspondentes ao número de Repúblicas que forman parte da URSS. Destes presidentes, un é ruso (Kalinin), o segundo de Ucraína (Petrovsky), o terceiro é bielorruso (Chevyakov), o cuarto de Acerbaixán (Musabekov), o quinto de Turcomenistán (Aitakov), e o sexto de Usbequistán (Faizulla Khojajev). Este feito é un exemplo da nosa política nacional. Coido innecesario dicir que nin unha soa república burguesa, non importa o democrática que se diga, podería dar este paso. No noso país, porén, é algo que se dá por sentado, algo coherente coa nosa política de igualdade de dereitos nacionais.

NOVENA PREGUNTA: *Dirixentes sindicais americanos xustifican a súa loita contra os comunistas con dous motivos;*

- 1) os comunistas están perturbando o movemento obreiros polas súas loitas fraccionais no interior dos sindicatos e polos seus ataques a dirixentes sindicais que non son radicais;*
- 2) os comunistas americanos reciben as súas ordes de Moscova e, polo tanto, non poden ser bos sindicalistas, xa que a súa lealdade principal é a unha organización estranxeira e non ao seu sindicato.*

Como podemos acabar con esta dificultade para que os comunistas americanos poidan ser capaces de traballar conxuntamente con outras tendencias dentro do movemento obreiro americano?

Stalin: Coido que os intentos dos dirixentes sindicais americanos para xustificar a súa loita contra os comunistas non poden soportar a máis mínima crítica. Ninguén demostrou aínda, e ninguén poderá demostrar xamais, que os comunistas desestabilizan o movemento obreiro. Por outra lado, podemos demostrar plenamente que os comunistas son os máis valentes e comprometidos loitadores do movemento obreiro en todo o mundo, incluíndo América.

Non é un feito que durante as folgas e manifestacións obreiras os comunistas marchan en primeira fila e dan os primeiros golpes aos capitalistas, mentes que o traballo dos reformistas se refuxia no 'patio traseiro' dos capitalistas? Como poden os comunistas absterse de criticar a covardía e o carácter reaccionario dos dirixentes sindicais reformistas? Non é evidente que estas críticas só poden servir para estimular e fortalecer o movemento sindical?

É certo, estas críticas afunden o prestixio dos líderes sindicais reaccionarios. Pero que estes dirixentes sindicais respondan con contra críticas, e non expulsando aos comunistas dos sindicatos.

Considero que se o movemento obreiro quere vivir e desenvolverse non pode facelo sen un conflito de opinións entre as distintas tendencias dentro dos sindicatos. Estes conflitos de opinións, a loita entre as distintas tendencias nos sindicatos, as críticas aos dirixentes reaccionarios, etc., irán a máis malia a resistencia a elas por parte dos dirixentes sindicais reformistas. Este conflito de opinións e esas críticas son absolutamente esenciais para a clase obreira americana co fin de poder elixir entre as diversas tendencias e, por último, asir unha posición independente como unha forza dentro da sociedade americana.

As queixas dos dirixentes reformistas americanos contra os comunistas só demostran que non están seguros de ter a razón e senten que a súa posición é feble. Por esta mesma razón, eles temen a crítica como a peste. Compre sinalar que os dirixentes sindicais de América son aparentemente máis decididos opositores á máis elemental democracia que moitos dos burgueses dese país.

A afirmación de que os comunistas americanos traballan baixo 'ordes de Moscova' é absolutamente falsa. Ningún comunista no mundo estaría de acordo con traballar 'baixo ordes' do exterior, contra as súas propias conviccións, contra a súa vontade e contra as esixencias da situación. E se houbese algún, non sería merecedor de ningún creto.

Os comunistas son ousados e valentes, e están loitando contra unha multitude de inimigos. O mérito dos comunistas é, entre outras cousas, seren capaces de defender as súas conviccións. Polo tanto, é abraiante falar de que os comunistas americanos non teñen conviccións propias e só poden traballar 'seguindo ordes' do exterior.

O único certo das afirmacións dos líderes sindicais é que os comunistas americanos están na organización comunista internacional, e consultan ao órgano central desta organización sobre diversos temas de cando vez. Pero, que ten de malo isto? Opóñense os líderes sindicais americanos á organización internacional de traballadores de centro? Vale, non están afiliados en Amsterdam, pero non porque se opoñan a unha

internacional de traballadores de centro como tal, senón porque coido que consideran á organización de Amsterdam² demasiado radical. (*Risos.*)

Por que os capitalistas poden organizarse internacionalmente e a clase obreira, ou parte dela, non pode ter a súa organización internacional?

Seica non é obvio que Green e os seus amigos da Federación Americana do Traballo³ calumnian aos comunistas americanos repetindo submisamente a consigna capitalista de ‘ás ordes de Moscova’?

Algunhas persoas pensan que os membros da Internacional Comunista en Moscova non fan nada, tan só estar sentados escribindo instrucións para todos os países. Máis de sesenta países están afiliados ao Komintern, así que poden imaxinar a situación dos membros do Komintern, quen, sen durmir nin comer, pasan día e noite sentados escribindo instrucións a todos os países. (*Risos.*) E os dirixentes sindicais americanos coidan que, con esta entretida lenda, poden agochar o seu medo aos comunistas, e pasar por alto o feito de que os comunistas son os máis valentes e ousados cadros da clase obreira americana!

A delegación quere saber se existe algún xeito de superar esta situación. Penso que só hai unha saída: permitir o conflito de opinións e de tendencias dentro dos sindicatos de América; derrotar a política reaccionaria de expulsar aos comunistas dos sindicatos, e dar á clase obreira americana a oportunidade de elixir libremente entre as tendencias existentes; América aínda non tivo a súa Revolución de Outubro, e os obreiros non tiveron aínda a oportunidade de facer a súa elección final entre as diversas correntes do movemento sindical.

DÉCIMA PREGUNTA: *Envíase diñeiro a América para axudar ao Partido Comunista Americano ou ao seu voceiro ‘Daily Worker’?*

Se non é así, como cumpren os comunistas americanos coas taxas anuais de afiliación da Terceira Internacional?

Stalin: Se con isto se refiren as relacións entre o Partido Comunista de América e a Terceira Internacional, debo dicir que o Partido Comunista de América, como parte da Internacional Comunista, sen ningunha dúbida, paga as taxas de afiliación ao Komintern, así como, por lóxica, o Komintern, como órgano central do movemento comunista internacional, subministra ao Partido Comunista de América a asistencia que pode cando considera necesario. Penso que non hai nada raro ou sorprendente nisto.

² Isto fai referencia á federación internacional de sindicatos reformistas, constituída nun congreso celebrado en Amsterdam en xullo de 1919. A Internacional de Amsterdam levaba a cabo unha política reformista, colaborou abertamente coa burguesía, combateu o movemento revolucionario da clase obreira, e foi hostil coa Unión Soviética. Durante a Segunda Guerra Mundial, a Internacional de Amsterdam deixou practicamente de funcionar. Disolveuse oficialmente o 14 de decembro de 1945, por mor da formación da Federación Mundial de Sindicatos.

³ Federación Americana do Traballo, unha federación que engloba a unha parte dos sindicatos dos Estados Unidos, creada en 1881. Os dirixentes desta federación son axentes do imperialismo americano no movemento sindical americano e levan a cabo actividades de ruptura no movemento obreiro mundial.

Porén, se a pregunta fai referencia as relacións entre o Partido Comunista de América e o Partido Comunista da URSS, teño que dicir que non coñezo unha soa vez na que os representantes do Partido Comunista de América fixeran un chamamento de axuda ao Partido Comunista da URSS. Poden pensar que isto é algo raro, pero non é máis que a demostración da extrema escrupulosidade dos comunistas de América.

Mais, que sucedería se o Partido Comunista de América pedira asistencia ao Partido Comunista da URSS? Coido que o Partido Comunista da URSS daría toda a asistencia que puidera. Realmente, cal sería o creto do Partido Comunista, particularmente estando no poder, se se negase a asistir a un partido comunista doutro país que vive baixo o xugo do capitalismo? Teño que dicir que ese Partido Comunista non tería ningún creto.

Supoñamos que a clase obreira de América chega ao poder após derrocar á burguesía; imos supoñer que a clase obreira de América, vitoriosa na súa loita contra o capitalismo, recibira un chamamento de axuda da clase obreira doutro país; negaríase a clase obreira americana a ofrecer a súa asistencia? Penso que se cubriría de vergonza se dubidase en ofrecer asistencia.

UNDÉCIMA CUESTIÓN: *Sabemos que algúns bos comunistas non están totalmente de acordo co Partido Comunista na súa esixencia de que todos os novos militantes deben ser ateos, agora que están reprimindo ao clero reaccionario. Podería o Partido Comunista no futuro adoptar unha actitude neutral cunha relixión que defenda todas as ensinanzas da ciencia e non se opoña ao comunismo?*

Permitirán nun futuro aos membros do Partido manter as súas conviccións relixiosas se estas non entran en conflito coa súa lealdade ao Partido?

Stalin: Hai varias inexactitudes nesta pregunta.

En primeiro lugar, non coñezo a ningún 'bo comunista' como os que a delegación menciona. É dubidoso incluso que exista algún comunista así.

En segundo lugar, teño que afirmar que, falando formalmente, non temos ningunha condición referida a ser necesariamente ateo para poder militar no Partido. As condicións de entrada no noso Partido son as seguintes: aceptación do programa e estatutos do Partido; incondicional sometemento ás decisións do Partido e aos seus órganos; ser membro dalgunha das organizacións do Partido.

Un delegado: Moi a miúdo leo que os militantes do Partido son expulsados por crer en Deus.

Stalin: Só podo reiterar o que xa dixen sobre as condicións para militar no noso Partido. Non temos outras condicións.

Significa isto que o Partido é neutral no tema relixioso? Non, non é neutral. Nós difundimos, e continuaremos difundindo, propaganda contra os prexuizos relixiosos. As leis do noso país recoñecen o dereito de toda persoa a profesar calquera relixión. Esa é unha cuestión que corresponde á consciencia de cada individuo. Esta é precisamente a razón pola que nós separamos a Igrexa do Estado. Mais ao tempo que separamos a Igrexa do Estado e proclamamos a liberdade relixiosa, nós preservamos o dereito de

toda persoa a combater a relixión, toda relixión, con argumentos, con propaganda e axitación. O Partido non pode ser neutral coa relixión, e difunde propaganda antirrelixiosa contra todos os prexuízos relixiosos, xa que está a prol da ciencia, mentres que os prexuízos relixiosos son contrarios á ciencia, porque todas as relixións son a antítese da ciencia. Casos como os que teñen lugar en América, onde os darwinistas foron procesados recentemente⁴, non poden ocorrer aquí, porque o Partido leva a cabo unha política de defensa da ciencia por todos os medios.

O Partido non pode ser neutral cos prexuízos relixiosos, e continuará a loitar contra estes prexuízos, porque este é o mellor xeito de minar a influencia do clero reaccionario, quen defende ás clases explotadoras e predica a submisión a estas clases.

O Partido non pode ser neutral cos propagandistas dos prexuízos relixiosos, co clero reaccionario, que envelenan as mentes das masas traballadoras.

Reprimimos ao clero reaccionario? Si, facémolo. A única cousa desafortunada é que aínda non foron eliminados completamente. A propaganda antirrelixiosa é o medio que fará posíbel levar a cabo a eliminación completa do clero reaccionario. Algunhas veces hai casos de membros do Partido que obstaculizan o pleno desenvolvemento da propaganda antirrelixiosa. Se estes membros son expulsados, é algo moi positivo, porque non hai lugar para estes ‘comunistas’ nas fileiras do noso Partido.

DUODÉCIMA CUESTIÓN: *Pode vostede dicirnos brevemente as características da futura sociedade que os comunistas están tratando de crear?*

Stalin: As características xerais da sociedade comunista aparecen nas obras de Marx, Engels e Lenin.

En resumo, a anatomía da sociedade comunista pode describirse da seguinte maneira: Trátase dunha sociedade na que: a) non haberá propiedade privada dos instrumentos e medios de produción, senón propiedade colectiva, social; b) non haberá clases ou poder estatal, senón que serán os traballadores da industria e da agricultura os que se encarguen de xestionar os asuntos económicos como unha asociación libre de traballadores; c) a economía nacional, planificada, basearase no nivel máis alto da técnica, tanto na industria como na agricultura; d) non haberá ningunha antítese entre o campo e a cidade, entre a industria e a agricultura; e) os produtos serán distribuídos segundo o principio dos vellos comunistas franceses: ‘de cada cal segundo a súa capacidade, a cada cal segundo as súas necesidades’; f) a ciencia e a arte gozarán de condicións suficientemente favorábeis para acadar o pleno desenvolvemento; g) o individuo, liberado da preocupación do seu pan de cada día e da necesidade de adaptarse ao poder, será realmente libre.

E así sucesivamente.

⁴ En 1925 (do 10 ao 21 de xullo) tivo lugar un xuízo no estado de Tennessee que atraeu a atención de todo o mundo. Un profesor chamado John Scopes foi xulgado por ensinar a teoría da evolución de Darwin. A América reaccionaria e escurantista declarou culpábel de violar as leis do estado e impúxolle unha multa.

Evidentemente, estamos aínda moi distantes desa sociedade.

No tocante ás condicións internacionais necesarias para o completo triunfo da sociedade comunista, estas collerán forma e medrarán en proporción ao crecemento das crises revolucionarias e ás accións revolucionarias da clase obreira dos países capitalistas.

Non debemos pensar que a clase obreira dun só país, ou de varios países, marchará cara ao socialismo, e aínda menos cara ao comunismo, e que os capitalistas dos outros países fican tranquilamente sentados, coas armas gardadas e mirando con indiferenza. Aínda menos imaxinar que a clase obreira dos países capitalistas serán mero espectadores do vitorioso desenvolvemento do socialismo nun ou noutro país. Nunha situación así, os capitalistas utilizarán todo o seu poder para esmagar a eses países. Nunha situación así, cada paso importante cara ao socialismo, e aínda máis cara ao comunismo, en calquera país, será inevitabelmente acompañado polo irresistible esforzo da clase obreira dos países capitalistas para conquistar o poder e o socialismo neses países.

Así, no curso do desenvolvemento da revolución internacional e da reacción internacional, xurdirán dous polos mundiais: o polo socialista, atraendo aos países que gravitan cara ao socialismo, e o polo capitalista, que atrae aos países que gravitan cara ao capitalismo. A loita entre estes dous polos decidirá o destino do capitalismo e do socialismo en todo o mundo.

PREGUNTAS REALIZADAS POLO CAMARADA STALIN Á DELEGACIÓN AMERICANA

Stalin: Se a delegación non está moi cansa, pídolle permiso, na miña quenda, para facer unhas poucas preguntas. (*A delegación asinte.*)

PRIMEIRA PREGUNTA: *Como explicarían a pequena porcentaxe de obreiros organizados nos sindicatos en América?*

Penso que hai sobre dezasete millóns de obreiros industriais en América. (Os delegados din que hai entre dezaoito e dezanove millóns de obreiros industriais.) Destes, coido, ao redor de tres millóns están organizados. (Os delegados din que a Federación Americana do Traballo conta con aproximadamente tres millóns e que, ademais, aproximadamente medio millón de obreiros están organizados noutros sindicatos, polo que, xuntando todos, hai tres millóns e medio de obreiros organizados.) Persoalmente considero que é unha porcentaxe moi pequena de traballadores organizados en sindicatos. Aquí na URSS, o noventa por cento dos proletarios están organizados en sindicatos. Quixera preguntar á delegación se considera o feito de baixa porcentaxe de sindicación como algo positivo. Non considera a delegación que isto é un signo da debilidade do proletariado americano e da debilidade das súas armas de combate contra os capitalistas na esfera económica?

Brophy: A baixa afiliación sindical non se debe ás tácticas erradas das organizacións sindicais, senón ás condicións económicas xerais no país, que non estimulan á totalidade das masas obreiras a organizarse polo seu carácter favorábel, que diminúen a necesidade de que a clase obreira loite contra os capitalistas. Por suposto, estas condicións cambiarán, e con estes cambios os sindicatos crecerán e todo o movemento sindical collerá un camiño diferente.

Douglas: Concordo coa explicación do orador anterior. Engadiría, en primeiro lugar, que hai que ter en conta que nos últimos tempos nos Estados Unidos os capitalistas subiron os salarios considerabelmente. Este proceso de subida dos salarios xa o vimos en 1917, en 1919, e máis tarde. Se comparamos os salarios de hoxe cos de 1911, vemos que son moito máis altos.

O proceso de desenvolvemento do movemento sindical edificábase, como se edifica hoxe, seguindo os principios do mercado, e os sindicatos estaban formados

principalmente por obreiros cualificados. Á cabeza destes sindicatos había certos dirixentes que constituían unha organización pechada que se esforzaba por obter boas condicións para os seus membros. Non tiñan ningún interese en ampliar os sindicatos ou organizar aos obreiros non cualificados.

Por outra parte, os sindicatos americanos loitan contra un capitalismo ben organizado, que ten nas súas mans todos os medios para impedir a organización de todos os obreiros en sindicatos. Se, por exemplo, un trust comproba que nunha das súas plantas comeza a ser demasiado forte a resistencia sindical, pechará esa planta e transferirá toda a produción a outra planta. Así rachan coa resistencia sindical.

O capitalismo americano sube os salarios dos obreiros, pero non lles dá ningún poder económico ou a oportunidade de loitar por unha mellora das súas condicións económicas.

Outro feito moi importante en América é que os capitalistas fomentan a rivalidade entre os obreiros das distintas nacionalidades. Na meirande parte dos casos, os traballadores non cualificados son inmigrantes procedentes de Europa ou que chegaron recentemente. Os capitalistas tentan sementar o conflito entre os traballadores das distintas nacionalidades. Esta división nacional atopámola entre os obreiros cualificados e non cualificados. Os capitalistas constantemente sementan o antagonismo entre os traballadores das diversas nacionalidades, independentemente do seu grao de habilidade.

Durante a última década, os capitalistas americanos levaron a cabo unha política máis intelixente, na medida que eles formaron os seus propios sindicatos, os chamados sindicatos de empresa. Esfórzanse por dar aos obreiros un incentivo por traballar nas súas plantas, un interese nos seus beneficios, e así sucesivamente. O capitalismo americano amosa unha tendencia a substituír a división vertical pola división horizontal, é dicir, dividir á clase obreira, dándolle un incentivo e un interese polo capitalismo.

Coyle: Eu enfoco a cuestión no do punto de vista teórico, senón do punto de vista práctico. É certo que é máis doado organizar aos traballadores nos bos tempos, pero as estatísticas dos afiliados á Federación Americana do Traballo mostran que están perdendo gradualmente traballadores non cualificados e aumentando o número de afiliados cualificados. Polo tanto, a Federación Americana do Traballo quere converterse, e gradualmente vai conseguíndoo, nunha organización principalmente de obreiros cualificados.

O movemento sindical en América apenas conta cos obreiros non cualificados. As grandes ramas da industria non están cubertas polos sindicatos. Destas grandes ramas da industria, só nas industrias do ferrocarril e do carbón os obreiros están organizados dalgún xeito, e incluso nestas industrias o 65 por cento dos obreiros non están organizados. Os obreiros das industrias do aceiro, do caucho e do automóbil están case completamente desorganizados. Podemos dicir que os sindicatos non teñen en conta aos obreiros non cualificados.

Hai un número de sindicatos fóra da Federación Americana do Traballo que aspiran a organizar aos obreiros non cualificados e semicualificados. No tocante á posición adoptada polos dirixentes da Federación Americana do Traballo, un deles, o Presidente

da Unión Maquinista, afirmou con toda franqueza que non quería atraer aos obreiros non cualificados ao seu sindicato. No tocante aos dirixentes sindicais, apareceu unha casta de dirixentes constituída por un pequeno número de individuos que reciben enormes salarios, 10.000 dólares anuais ou máis, e é moi complicado entrar neste grupo.

Dunn: A cuestión formulada polo camarada Stalin non é equitativa, porque se o noventa por cento dos obreiros no seu país están organizados, hai que ter en conta que aí a clase obreira está no poder, mentres que nos países capitalistas os obreiros son unha clase oprimida e a burguesía fai todo o posíbel para impedir que se organicen en sindicatos.

Ademais, nestes países (capitalistas) hai sindicatos reaccionarios encabezados por dirixentes reaccionarios. Baixo as condicións que prevalecen en América, é moi complicado meter a verdadeira idea do sindicalismo nas cabezas dos obreiros. Isto explica por que os sindicatos están moi limitados en América.

Stalin: Está de acordo o último orador co anterior na idea de que algúns dos dirixentes do movemento obreiro en América se esforzan deliberadamente en restrinxir o movemento sindical?

Dunn: Si, estou de acordo.

Stalin: Non quixen ofender a ninguén. Tan só quería poñer en claro as miñas ideas sobre a diferenza entre a situación en América e na URSS. Se ofendín a alguén, pido desculpas. (*Rin os delegados.*)

Dunn: Non estou ofendido en absoluto.

Stalin: Están os obreiros en América protexido por un sistema de seguridade social?

Un delegado: Non hai un sistema de seguridade social para os traballadores en América.

Coyle: Na maioría dos estados, a compensación pagada por accidentes laborais ascende a un máximo do 30 por cento da perda da súa capacidade económica. Isto sucede na meirande parte dos estados. A indemnización é pagada polas empresas privadas.

Stalin: Existe un seguro estatal de desemprego en América?

Un delegado: Non. Os fondos para o seguro de desemprego que existen só poden cubrir a entre oitenta e cen mil desempregados no conxunto dos estados.

Coyle: Hai seguro (non é un seguro público) de accidentes laborais, é dicir, os accidentes no traballo, mais non existe un seguro para a incapacidade laboral por enfermidade ou vellez. De feito, todos os fondos son proporcionados polos propios obreiros. Actualmente, os empresarios contribúen só cunha pequena proporción, aproximadamente un 10 por cento.

Stalin: Penso que os camaradas estarán interesados en saber que aquí, na URSS, o estado gasta máis de 800 millóns de rublos anuais no seguro obreiro.

Non é superfluo engadir que os nosos obreiros de todas os sectores industriais, ademais do seu salario ordinario, reciben unha suma equivalente aproximadamente a un terzo da remuneración total na forma de seguro, melloras do benestar, servizos culturais, etc.

SEGUNDA PREGUNTA: *Como explican a ausencia de amplas masas nun partido obreiro nos Estados Unidos?*

A burguesía en América ten dous partidos, o Partido Republicano e o Partido Demócrata, pero os obreiros americanos non teñen un partido de masas propio. Consideran que a ausencia dun partido obreiro de masas, incluso un do tipo do que existe en Inglaterra (o Partido Laborista), debilita á clase obreira na súa loita política contra os capitalistas?

E unha pregunta máis: Por que os dirixentes do movemento obreiro de América, Green e os demais, se opoñen enerxicamente á formación dun partido obreiro en América?

Brophy: Si, os dirixentes decidiron que non existía a necesidade dun partido así. Hai unha minoría, porén, que considera que este partido é necesario. As condicións obxectivas en América no momento actual son tales que, como xa se sinalou, o movemento sindical nos Estados Unidos é moi feble, e esta debilidade do movemento obreiro é, á súa vez, debido ao feito de que a clase obreira na actualidade non ten que organizarse e loitar contra os capitalistas, xa que son os propios capitalistas os que elevan os salarios e proporcionan as condicións materiais satisfactorias para os obreiros.

Stalin: Pero se esta provisión é para todos, son principalmente os obreiros cualificados quen se benefician. Hai unha contradición aquí. Por unha parte, semella que non hai necesidade de organización porque os obreiros xa están abastecidos. Por outra parte, vostedes afirman que precisamente os obreiros mellor abastecidos, é dicir, os obreiros cualificados, son os que están organizados en sindicatos. En terceiro lugar, parece que os obreiros non sindicados son os que peor abastecidos están, é dicir, os obreiros non cualificados. Non entendo nada.

Brophy: Si, hai unha contradición aquí, mais as características da economía e da política americanas son tamén contraditorias.

Brebner: Aínda que os traballadores non cualificados non están organizados, teñen o dereito político ao voto, de forma que se algúns están insatisfeitos, poden expresar o seu descontento exercendo o seu dereito ao voto. Por outra parte, cando os obreiros organizados viven situacións particularmente duras, non acoden ao seu sindicato, senón que exercen o seu dereito ao voto. Polo tanto, o dereito ao voto compensa a ausencia de organizacións sindicais.

Israels: Unha das principais dificultades é o propio sistema electoral nos Estados Unidos. Non é a persoa que obteña máis votos no total do país, nin sequera a maioría dos votos dunha clase, quen é elixido Presidente. En cada estado hai un colexio electoral; cada estado elixe a un certo número de electores que son os que participan na elección do Presidente. Para ser elixido Presidente, o candidato debe obter o 51 por cento dos votos. Se hai tres ou catro partidos, ningún candidato será elixido, e a elección do Presidente trasladarase ao Congreso. É este un argumento contra a formación dun terceiro partido. Os que se opoñen á formación dun terceiro partido argumentan do

seguinte xeito: Non poñan a un terceiro candidato porque isto dividirá o voto liberal, impedindo a elección do candidato liberal.

Stalin: Pero o Senador La Follete foi elixido por un terceiro partido burgués. Disto deducimos que un terceiro partido non pode dividir o voto se é un partido burgués, pero que pode dividir a votación se se trata dun partido obreiro.

Davis: Eu non considero o factor mencionado polo anterior orador como fundamental. Coido que o factor máis importante é o seguinte. Vou citar un exemplo da cidade onde vivo. Durante a campaña electoral, o representante dun determinado partido ofrece ao líder sindical un importante traballo, e certos fondos á súa disposición. Isto outórgalle certo prestixio relacionado co traballo que recibiu. Polo tanto, os dirixentes sindicais defenden a un dos partidos burgueses. Naturalmente, cando alguén fala de formar un terceiro partido, o partido obreiro, estes líderes sindicais non queren. Argumentan que un terceiro partido provocaría unha división no movemento sindical.

Douglas: A principal razón pola cal só os obreiros cualificados están organizados, é que para poder afiliarse a un sindicato hai que ter diñeiro, porque o prezo da entrada e as cotas son moi elevadas, e os traballadores non cualificados non poden permitirse o luxo de pagar.

Por outra parte, os traballadores non cualificados están en constante perigo de ser despedidos polos empresarios se tentan organizarse. Os traballadores non cualificados só poden conseguir organizarse se contan co apoio activo dos obreiros cualificados. Na maioría dos casos non reciben este apoio, e este é unha das principais eivas para a organización dos traballadores non cualificados.

O principal medio que teñen os obreiros para poder defender os seus dereitos é a política. Esta, na miña opinión, é a principal razón pola cal os obreiros non cualificados non están organizados.

Debo sinal unha característica especial do sistema electoral americano: as eleccións primarias, nas que calquera persoa pode declararse demócrata ou republicana e emitir o seu voto. Estou convencido de que Gompers sería incapaz de atrapar aos obreiros cun programa non político se non fose pola escusa das eleccións primarias. El sempre dixo aos obreiros que si buscaban acción política só tiñan que unirse a calquera dos dous partidos políticos, ascender a posicións de responsabilidade e gañar influencia. Con estes argumentos, Gompers logrou manter aos obreiros afastados da idea da organización da clase obreira e da formación dun partido obreiro.

TERCEIRA PREGUNTA: *Como explican vostedes que no referido ao recoñecemento da Unión Soviética os dirixentes da Federación Americana do Traballo sexan máis reaccionarios que moitos burgueses?*

Como explican que un burgués como o Sr. Borah defenda o recoñecemento da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, e os dirixentes sindicais de América, desde Gompers a Green, difundiran, e continúan a facelo, propaganda moi reaccionaria contra o recoñecemento da primeira república obreira, contra a recoñecemento da URSS?

Como explican que incluso un reaccionario como o defunto Presidente Woodrow Wilson fose capaz de 'saudar' á Rusia soviética, mentres que Green e os demais dirixentes da Federación Americana do Traballo queren ser máis reaccionarios que os capitalistas?

O seguinte é o texto do 'saúdo' que Woodrow Wilson enviou ao Congreso dos Soviets de Rusia en marzo de 1918, no momento no que as tropas do Kaiser alemán marchaban contra o Soviet de Petrogrado:

«Podo desaproveitar a reunión do Congreso dos Soviets e non expresar a sincera simpatía que o pobo dos Estados Unidos sente polo pobo ruso, nestes momentos nos que o poder alemán volve arremeter contra a liberdade e a vontade do pobo ruso? Aínda que o goberno dos Estados Unidos non está agora en condicións de prestar a axuda directa e efectiva que lle gustaría, podo asegurar ao pobo ruso a través do Congreso que imos aproveitar todas as oportunidades para afirmar a completa independencia e soberanía nos seus propios asuntos, así como a plena restauración do seu gran papel na vida de Europa e o mundo moderno. O corazón de todo o pobo dos Estados Unidos está co pobo de Rusia no intento de librarse para sempre dun goberno autocrático e converterse en donos da súa propia vida.» (ver Pravda, Nº 50, 16 de marzo de 1918).

Podemos considerar normal que os dirixentes da Federación Americana do Traballo queiran ser máis reaccionarios que o reaccionario Wilson?

Brophy: Eu non podo dar unha explicación exacta, pero coido que os dirixentes da Federación Americana do Traballo se opoñen ao recoñecemento da Rusia soviética pola mesma razón pola que a Federación Americana do Traballo non está afiliada á Internacional de Amsterdam. Penso que é debido á peculiar filosofía dos obreiros americanos e ás diferenzas económicas cos obreiros europeos.

Stalin: Pero, segundo o que eu sei, os dirixentes da Federación Americana do Traballo non se opoñen ao recoñecemento de Italia ou Polonia, onde os fascistas están no poder.

Brophy: Citando o exemplo de Polonia e Italia, onde hai gobernos fascistas, vostede explica por que América non recoñece á URSS. Esta hostilidade coa URSS débese ao malestar que os comunistas causan aos dirixentes sindicais americanos na súa propia casa.

Dunn: O argumento utilizado polo último orador –que os dirixentes sindicais non poden recoñecer á URSS porque non poden levarse ben con comunistas americanos– non é convincente, xa que predicaron o non recoñecemento da URSS antes do nacemento do Partido Comunista Americano.

A principal razón é que os dirixentes da Federación Americana do Traballo se opoñen a todo o que cheire a socialismo. Defenden esta idea xunto cos capitalistas, quen teñen unha organización chamada Federación Cívica Nacional, cuxo principal obxectivo é poñer ao americano común contra o socialismo en calquera das súas formas. Esta organización opúxose á postura adoptada por Ivy Lee, quen avogou polo desenvolvemento das relacións comerciais entre América e a URSS. Os dirixentes desta organización dixeron: Como poderemo manter a orde entre a nosa propia clase obreira cando os liberais empezan a falar así? Compre mencionar que o vicepresidente desta

organización reaccionaria é Matthew Woll, o vicepresidente da Federación Americana do Traballo.

Brophy: O carácter reaccionario dos dirixentes sindicais non é a razón principal. Esta cuestión debe ser analizada con maior profundidade. A presenza da delegación americana na URSS é a mellor resposta e pon de manifesto que unha parte dos obreiros americanos teñen simpatía pola Unión Soviética. Coido que a opinión dos dirixentes da Federación Americana do Traballo verbo da URSS non difire da defendida pola maioría dos obreiros americanos. A actitude da meirande parte dos obreiros para coa URSS ten a súa razón na distancia que nos separa. A clase obreira de América non está interesada nos asuntos internacionais, e a influencia que exerce a burguesía sobre a clase obreira americana foi moi intensa no tocante á URSS.